



O pasado novembro a Comisión Europea (CE) enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións a súa comunicación "O futuro dos alimentos e a agricultura" como base de traballo para a elaboración das correspondentes propostas lexislativas.

O devandito documento resalta a necesidade de que a PAC estea orientada a cumprir as obrigacións establecidas no Tratado da UE para esta política e, neste sentido, debemos aproveitar as oportunidades da PAC, que tamén se constitúe como unha política territorial europea, contribuindo á loita contra o despoboamento das áreas rurais ao fortalecer o tecido socioeconómico dos pobos.

Con esta concepción, as persoas que desenvolven a actividade agraria de forma principal, son o referente para fortalecer a Política Agraria Común.

Todo iso, sumado á importancia estratéxica do sector agrario para Galicia, lévanos á necesidade de concertar entre goberno e actores económicos e sociais a postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural.

Esta postura céntrase na proposta dun decálogo de medidas consensuadas entre os abaixo asinantes, que se resumen en:

- 1) A Comisión mantén a proposta de que cada país deseñe un modelo propio de aplicación elaborando un plan estratéxico nacional dando máis capacidade aos estados membros para adaptar a PAC á súa realidade territorial, produtiva e sectorial.




Aínda que é certo que un enfoque máis subsidiario pode parecer útil para a política agraria, sobre todo se serve para establecer medidas que recoñezan as peculiaridades de cada territorio, esta orientación leva parello o risco dunha PAC distinta para cada estado membro, co que Europa estaría renunciando a ter e defender un modelo agrícola propio.

Neste sentido, rexeitamos calquera posibilidade de renacionalización. A PAC debe seguir sendo unha política eminentemente común que manteña como mínimo o orzamento actual, a súa estrutura debe de seguir estando baseada en dous piares e o primeiro piar debe financiarse exclusivamente con fondos europeos.

En todo caso, para manter unha PAC coherente (e común) a nivel da Unión, a Comisión debería establecer criterios iguais obrigatorios para todos os estados nas principais definicións.

Consideramos imprescindible que tal como establece o proxecto de Regulamento haxa un único Plan estratéxico da PAC por Estado membro. Preocupa tamén a disparidade entre estados que se pode derivar da posibilidade de establecer transvases entre piares, especialmente si os estados membros reforzan os pagos directos con fondos do segundo piar. O novo regulamento debe establecer criterios uniformes para todos os estados.


Ao noso xuízo, o transvase entre piares, debe limitarse a un máximo do 10% (non do 15% como establece a proposta de regulamento) e so autorizarse do segundo piar ao primeiro (limitando tamén deste modo a proposta regulamentaria).




- 2) O establecemento dun tope máximo de axuda por explotación é unha medida que consideramos adecuada. Pero parécenos excesivamente alta a proposta da Comisión de limitar o importe a 100.000 euros por explotación, preferindo un teito de 60.000 euros, sen descontar custes sociais e laborais dos traballadores alleos nin os correspondentes aos salarios relacionados coa actividade agraria dos titulares da explotación, debéndose realizar controis cruzados para impedir a subdivisión da explotación.

En todo caso, os fondos que se "liberen" pola aplicación do teito e a progresividade das axudas deben financiar medidas estratéxicas xerais de alcance global e incorporarse ao "sobre" nacional para destinarse a pago redistributivo á renda, a mozos, pagos acoplados, converxencia, etc.

- 3) Tamén é importante favorecer o apoio á incorporación dos mozos á actividade agraria como unha forma de potenciala e revitalizar as zonas rurais. Neste punto é especialmente importante favorecer o apoio á creación de sociedades nas que se incorporen os agricultores novos, dunha forma menos restritiva á definida actualmente pola normativa, debéndose así mesmo reforzarse as políticas de igualdade no medio rural.
- 4) A PAC ten que incluír unha discriminación positiva para as zonas de montaña e con limitacións naturais, así como para as pequenas explotacións (con máis dificultades de produción, máis respectuosas co medio ambiente e xeradoras de máis emprego), e que os agricultores cuxo importe total de pagos directos a percibir sexa inferior a 3.000 euros teñan a posibilidade de incluírse no réxime de pequenos agricultores.



- 5) É fundamental o establecemento de medidas que permitan responder de forma rápida ás oscilacións dos prezos dos produtos agrarios e dos factores produtivos como os pensos e a enerxía, de forma que os agricultores puideran manter as súas rendas ante estas continxencias, sendo necesarios mecanismos de negociación colectiva que garantan a transparencia na conformación dos prezos. Entendemos así, que o papel da PAC como sustentador do sector agrario e do medio rural no seu conxunto é indiscutible. O mantemento das rendas agrarias é un pilar fundamental desta actividade, polo que as axudas directas son indispensables.
- 6) A obriga de establecer una axuda redistributiva de forma que o importe das primeiras hectáreas sexa superior ao do resto, para garantir o apoio a pequenas e medianas explotacións cunha axuda íntegra, mentres que as de maior dimensión cobrarían menos por hectárea, é especialmente importante en territorios como Galicia e a Cornixa Cantábrica, onde as explotacións están limitadas pola orografía e o modelo produtivo é o de explotación familiar. É preciso non incrementar as esixencias medioambientais nos territorios onde estes requisitos podan supoñer unha excesiva presión para o desenvolvemento da agricultura, simplificándose as tramitacións administrativas.
- 7) É necesario incrementar a lo menos un 15% a proposta da Comisión de modo que as axudas asociadas supoñan unha gran parte das axudas directas. Estas axudas teñen unha maior lexitimidade desde o punto de vista dos cidadáns europeos, que manifestan o seu desacordo co feito de que se podan cobrar fondos da PAC sen producir. Deben ter carácter nacional para evitar discriminacións e destinarse aos agricultores e gandeiros xenuínos.



- 8) Que os Estados membros poñan en marcha de forma obrigatoria un sistema de asesoramento para os agricultores e de control de riscos, parécenos unha medida adecuada, sempre que se asegure un razoable grado de apoio financeiro, incorpore asesoramento sobre as novas tecnoloxías e a adecuación a procesos produtivos, e manteña unha orientación de cooperación entre o sector e os actores implicados.
- 9) O proxecto de Regulamento propón unha diminución da porcentaxe de apoio europeo ao Feader respecto do regulamento actual, pasando do 75% ao 43%, salvo na medida zona con limitacións naturais que será do 65%, o que obrigará a unha maior achega nacional. Esta proposta debe revisarse no marco da negociación dos estados membros, e en calquera caso, debe recuperarse o equilibrio entre as achegas nacionais do Estado e das Comunidades Autónomas na financiación do tramo nacional dos programas de desenvolvemento rural.
- 10) Compre consensuar dentro do Plan Estratéxico a definición da figura de "agricultor xenuíno", así como apoiar os "dereitos históricos" no novo pago dissociado. Para establecer o seu valor debería ter en conta a referencia dos importes históricos das axudas directas que, como en cada reforma da PAC, sempre reflictan a realidade agronómica, socioeconómica e administrativa de cada rexión. Este sistema garantiría manter o actual nivel de apoio que está adaptado ás características propias de cada zona.



Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2018

A Conselleira do Medio Rural

Firma manuscrita de Ángeles Vázquez Mejuto.

Ángeles Vázquez Mejuto

O representante de Cooperativas
Lácteas Unidas - CLUN

Firma manuscrita de José Ángel Blanco Purriños.

José Ángel Blanco Purriños

O representante da Asociación
Agraria de Galicia -ASAGA

Firma manuscrita de Francisco Bello Bello.

Francisco Bello Bello

O representante da Asociación Galega
de Cooperativas Agroalimentarias -
AGACA

Firma manuscrita de Higinio Mougán Bouzón.

Higinio Mougán Bouzón

O representante de Unións Agrarias

Firma manuscrita de Javier Iglesias Fernández.

Javier Iglesias Fernández